

RESOLUCIÓN pola que se nomea o tribunal que deberá cualificar o proceso para a cobertura de un posto na Axencia Galega de Innovación de persoal investigador, na modalidade de investigador distinguido, para beneficiarios dunha bolsa do Consello Europeo de Investigación (ERC), no marco do programa Oportunius dentro do Dominio ERC de Ciencias Sociais e Humanidades (Praza núm. 1).

Por Resolución do 15 de maio de 2024 (DOG núm. 104, do 30 de maio de 2024) anunciouse a convocatoria para a cobertura de un posto de persoal investigador, na modalidade de investigador distinguido, para beneficiarios dunha bolsa do Consello Europeo de Investigación (ERC), no marco do programa Oportunius, dentro do dominio ERC de Ciencias Sociais e Humanidades (praza núm. 1).

O artigo 12 das bases reguladoras desta convocatoria establece que o Tribunal de Selección nomearase por resolución da dirección da Axencia Galega de Innovación. En virtude do anterior, esta dirección

DISPÓN

Nomear como membros do Tribunal que deberá cualificar o proceso selectivo a cobertura do proceso de persoal investigador, na modalidade de investigador distinguido, para beneficiarios dunha bolsa ERC no marco do Programa Oportunius dentro do dominio ERC de Ciencias Sociais e Humanidades, ás seguintes persoas:

Presidencia:

Manuel José Blanco Rial, catedrático de Psicoloxía Experimental da Universidade de Santiago de Compostela.

Vogais:

María Ximena Senatore, investigadora científica do INCIPIT-CSIC.

César Parcero-Oubiña, investigador científico do INCIPIT-CSIC.

Luz Isabel Leiros Lobeiras, contratada doutora de Psicoloxía Experimental da Universidade de Santiago de Compostela.

Eduardo Manuel Sanchez Vila, profesor titular da Universidade de Santiago de Compostela- CITIUS.

Secretaría, con voz pero sen voto:

Benito R. Fernández Rodríguez, director da Área de Xestión da Axencia Galega de Innovación

Asinado en Santiago de Compostela na data que consta a marxe

A directora da Axencia Galega de Innovación

Carmen Cotelo Queijo

